


BIBLIOTECA A2 DA CASA DA AUGA

Primavera de libros na Biblioteca
A2 da Casa da Auga de Vide



Achégate os
**Mércres ás
7 da tarde** e utiliza
o noso servico de
préstamo de libros
e a sá de informáti-
ca con acceso a in-
ternet.

BIBLIOTECA A2 DA CASA DA AUGA




O BOSQUE DOS RAPOSOS AFORCADOS Arto Paasilinna. Editorial Rincoceronte.

É esta unha historia de fuxidas delirantes: a de Oiva Juntunen, un delincuente que vive ao grande gracias a un botín de 36 kilos de ouro que non quere compartir nin de broma cos seus cómplices, a dun comandante que fuxe do exército, e a da velliña máis vella do mundo que fuxe dos servizos sociais. Estes son os protagonistas dunha historia que transcurre nos bosques de Laponia cargada de estrafalarias aventuras coas que non deixarás de rir.

FIMÍN. Sam Savage. Editoirial

Firmín naceu no soto dunha librería no Boston dos anos 60 e aprenderá a ler devorando as páxinas dun libro, pero a rata culta é unha rata solitaria. Marxinado pola súa familia buscará a amizade do libreiro.

Firmín conmóvenos coas súas leccións de humanidade, o seu sentido do humor e aguda sátira do noso tolo mundo, empurrándonos a ler aínda máis.



BIBLIOTECA A2 DA CASA DA AUGA




LAS OVEJAS DE GLENNKILL. Leonie Swann. Editorial Salamandra.

No aparentemente apacible pobo de Glennkill aparece un pastor asesinado, as circunstancias son moi extrañas e alguén se impoñerá a tarefa de descubrir ao culpable. O orixinal do tema é que ese “alguén” serán as ovellas do propio rebaño do pastor morto.


Servíndose do humor e da ironía, o autor aproveita a mirada extrañada e sorprendida das ovellas para retratar aos humanos polos seus actos e as súas palabras.

LECCIONES PARA CHICAS GUAPAS. Alexandre McCall Smith. Editorial Umbriel.

Aínda para unha persoa tranquila como Mma Ramotswe, a primeira muller detective de Botsuana, chega un momento no que a vida se volve moi complicada. Ás dificultades financeiras da súa pequena axencia de detectives súmase a extraña enfermidade do seu marido, que perde interés por todo o que o rodea e desatende a súa empresa de automóviles.. E por si fora pouco tense que encargarse de tres casos novos.



BIBLIOTECA A2 DA CASA DA AUGA



BUSCANDO A NOUF. Zoë Ferraris. Editorial Avenue.

Tres días antes da súa voda, Nouf Shrawi, filla dunha das familias máis influíntes de Arabia Sudita, desaparece. Dez días despois atopan no deserto o cadáver da xoven de dezaseis anos.

Nesta novela, Ferraris abre unha ventá ao mundo árabe, aos seus costumes, adentrándose no mundo feminino dos países islámicos.

LA MUJER QUE BUCEÓ DENTRO DEL CORAZÓN DEL MUNDO. Sabina Berman. Editorial Destino.

Isabelle faise cargo dunha industria atuneira que ven de herdar, ao mesmo tempo que da súa sobriña Karen, unha nena salvaxe que non sabe falar e a quen diagnostican autismo funcional. Karen chegará a falar e aínda ir a universidade, a estudar Zooloxía, onde suspenderá a meirande parte dos cursos, o que non lle impedirá chegar a ser a empresaria máis grande da pesca do atún do planeta, así como un dos seres vivos máis raros.

Reberde, incomprensible, xenial....non deixarás de pensar nela.

